

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 25 DE FEBREIRO DE 2010.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
Don Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

Dona Rocío Rey Sampayo.  
Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa.  
Dona Amalia García Balado, (incorpórase á sesión no momento que se expresa na presente acta).  
Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.  
Don José Antonio López Rodríguez.  
Don Juan Manuel Lourido González.  
Dona Rita María Couto Seijido.  
Don Manuel Polo Gundín.  
Dona Inés Roca Requeijo.  
Don Manuel Vicente Pico Sanmartín.  
Don Edgar Antonio Vigo López.  
Don Gumersindo Pedro Galego Feal.  
Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.  
Don Juan José Franco Casal.  
Dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral.  
Don Manuel Sánchez Martínez.

**Interventora:**

Dona Marta Roca Naveira

**Secretaria:**

Dona Pilar María Pastor Novo.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e cinco de febreiro de dous mil dez, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Dona Rocío Rey Sampayo, Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Dona Amalia García Balado (quen se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria a Secretaria xeral do Concello, Dona Pilar María Pastor Novo, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**PUNTO ÚNICO.- ADHESIÓN E APOIO DO CONCELLO DE FENE AO MANIFESTO GALIZATEN DEREITO.**

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do BNG, o Sr. Polo Gundín quen, manifesta que dende o grupo municipal do BNG recorren á fórmula de convocatoria extraordinaria dun Pleno debido á gran relevancia do asunto a tratar coma cuestión de transcendencia económica vital para o país coma é a reorganización bancaria que se está a dar a nivel estatal; que o manifesto que traen hoxe ao Pleno é apoiado maioritariamente polas forzas sociais do país; que o Parlamento galego fixo unha Lei de caixas de aforro que cumpre moitas expectativas que tiñan, xa que democratizan as institucións, fai unha xestión máis transparente, reforza as facultades de autogoberno para defender o sistema financeiro e para supervisar a actuación das caixas e garante que estas

entidades sexan unha forza do desenvolvemento da economía produtiva ao manter os seus centros de decisión no país; que sen esta modificación lexislativa e se o Parlamento galego non favorecese a fusión das caixas galegas, probablemente o escenario que atoparían sería o de que as caixas galegas serían absorbidas por outras de maior tamaño de fóra da comunidade autónoma, e a súa sede social pasaría a estar situada, inexorablemente, na capital do Estado ,co cal o centro de visión se alonxaría totalmente de Galicia e a capacidade de decidir dende os Poderes Públicos, dende o Parlamento de Galicia, dende os Concellos, dende as forzas sociais que teñen presenza dentro do Consello de Administración e a Asemblea das propias caixas desvirtuaría totalmente aquilo para o que foron creadas as mesmas, que foron creadas como instrumentos de desenvolvemento económico, de dinamización da economía e elementos de defensa e protección dos aforros dos galegos e as galegas, sobre todo para os dirixir á propia economía galega, ao propio sistema económico e industrial do País; que conscientes desta situación e ante o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Goberno do Estado e aceptado polo Tribunal Constitucional, as forzas políticas e sociais maioritarias chegaron ao acordo de enunciar este manifesto ao que da lectura e que transcrito di:

(Neste momento incorpórase á sesión a Sra. concelleira Dona Amalia García Balado).

#### **“Galiza ten dereito**

Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.

Frente a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas.

O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idonea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:

**1.- Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País**, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.

**2.- Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego.** Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coa basca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.

**3.- Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas.** O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galeguidade das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e perto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

**Galiza debe defender o seu. Ten dereito.”**

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, expón que este manifesto foi apoiado pola inmensa maioría das forzas políticas e sociais deste país e entenden que os Plenos das Corporacións, neste caso o Pleno do Concello de Fene, se debe posicionar neste sentido, apoiando e aferíndose a este manifesto por cuestións moi claras; que hai ben pouco tempo, hai un par de anos, que a Consellería de Industria intentou levar adiante un proxecto de reindustrialización e de reactivación, por dicilo así do asteleiro de Fene e un dos elementos fundamentais era o tema do financiamento, que todo o mundo sabe que o naval ten un problema real de financiamento, pois aí se tiña o aval das caixas galegas co compromiso público das caixas galegas de financiar este proxecto; que no senso da creación de emprego, de financiamento de novas industrias, de facer proxectos pensados para o país, de que a obra social estea centrada nas necesidades reais do país, e no que eles pensan que os Plenos das Corporacións, e neste caso o Pleno do Concello de Fene debe manifestarse e aferirse a prol deste manifesto.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen unha vez concedido, manifesta que non van insistir nos mesmos argumentos que contén a moción, que subscriben basicamente todo o que se dixo e que contén a moción, polo que van votar a favor; que o Partido Popular en vez de convocar un Pleno, xa que polo número de concelleiros que ten non pode, presentou unha moción, moción que xa foi debatida en Comisión e que tiña basicamente o mesmo contido; que cren que por parte do Partido Socialista estase a cometer un erro histórico; creen que as súas discrepancias e distintas opinións, dependendo da cidade na que se emitan, así por un lado está o Alcalde de Vigo que se opón radicalmente fronte ao da Coruña que opta pola fusión, así coma o anterior Presidente da Xunta o Sr. Touriño e pensan que a desculpa do recurso de inconstitucionalidade foi unicamente para pórle o pe diante á fusión das caixas galegas; que non sabe que pode diferenciar esta fusión do resto das fusións de caixas que se están a levar a cabo noutras comunidades autónomas e que o

partido socialista apoiou sen ningunha dúbida; que o grupo popular pide ao grupo socialista desta Corporación que reflexione e que pense que ao mellor están a cometer un erro histórico; que non creen que todos estean equivocados, empresarios, sindicatos e os restantes partidos desta comunidade coma para facer un fronte común contra o partido socialista; que todo isto adoce dunha falla de reflexión e de concienciación do que pode supor ter unha caixa única na Comunidade Autónoma de Galicia e tamén obvia que o Estatuto de Galicia concede competencia exclusiva á Comunidade Autónoma para regulamentar este tema; que polo tanto creen que efectivamente estase a cometer un erro histórico e solicitan ao PSdeG deste Concello que reconsidere a súa postura e que os anima a que voten a favor desta moción.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que dende EU o primeiro que ven é que a semana que ven hai un Pleno e non ten lugar tanta urxencia para celebrar este, xa que que non é unha cuestión coma aprobar un orzamento; que parece, segundo as noticias que ten, que a negociación entre o goberno central e autonómico aínda non están pechadas; que sen entrar na exposición de motivos do manifesto, os tres puntos que recolle son bastante lóxicos e normais polo que van apoiar este manifesto.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, comezando por unha das cousas que dicía o voceiro do partido Popular, non lle sorprende que o Alcalde de Vigo defenda a permanencia de Caixa Nova en Vigo e os intereses lexítimos de Caixa Nova e a sociedade de Vigo e que o Alcalde da Coruña faga o propio con Caixa Galicia, porque entende que a súa misión coma alcaldes é pensar o mellor para cada unha desas cidades, á marxe de que logo o interese xeral poida determinar unha postura ou outra; que o que ten que ter cada partido é unha postura definida ou clara, porque si se dedican a buscar discursos contraditorios ou aparentemente contraditorios ente dúas persoas, militantes dun mesmo partido, seguro que non habería que irse moito máis lonxe do salón de plenos onde están, xa que todos os partidos políticos teñen cargos públicos que opinan cuestións diferentes sobre un mesmo tema, e iso é democracia, é pluralismo e é o sangue necesario nunha formación política; que en todo caso, sobre esta iniciativa que vén ao Pleno, dende o partido socialista de Fene entenden que hai dous debates claros e de fondo na situación financeira que está vivindo Galicia ou na situación das caixas deste país: un sobre o modelo de caixas, incluso sobre o modelo bancario que sería necesario ter neste país e outro sobre a fusión ou non das caixas de aforros de Galicia e sobre todo na repercusión, no que pensa que están todos de acordo, de manter ou non a galeguidade e a solvencia das caixas de aforros; que entenden que a Lei aprobada no Parlamento de Galicia sobre o modelo de caixas realmente non é que introduza grandes modificacións no sentido que logo da crise económica que estase a padecer, podan ter unha banca incluso pública incluso máis intervida polos poderes públicos e máis controlada polo poder democrático, polo pobo e, neste caso, polas institucións de Galicia, que isto non ataca a raíz deste problema nin ao da excesiva bancalización das caixas de aforros e da pouca marxe de control que tiñan os Poderes Públicos de Galicia sobre o modelo das caixas e que ten que ser necesariamente diferente ao dos bancos; que sobre a fusión ou non das caixas de aforros o que pasou é que o Presidente da Xunta decidiu que se fusionasen as caixas e logo de falar cos respectivos Consellos de Administración destas, dos que un quere, que foi o de Caixa Galicia, e outro non, que foi o de Caixa Nova, e coma non cede o Consello de Administración as súas pretensións logo de múltiples presións, decide aproveitar a iniciativa que o BNG tiña presentada no Parlamento de Galicia para facer, nun tempo exprés, unha Lei de caixas nova que lle permita asaltar os Consellos de Administración das caixas directamente e que lle permita dobregar á súa vontade, o que os Consellos de Administración terán ou non que decidir; que é unha Lei que foi advertida, antes de ser aprobada no Parlamento de Galicia, de que recollía puntos de inconstitucionalidade que non se quixeron escoitar e que o Presidente da Xunta decidiu tirar para adiante, aprobala e

levarlles á situación na que están neste momento, situación que quere lembrar que o Goberno de España interpón ese recurso de inconstitucionalidade, pero que o Consello de Estado, que non é precisamente socialista nin progresista, decide por unanimidade que ata dez puntos poden ser inconstitucionais, e que en base a isto se recorre esta Lei; que é certo que para el a Constitución non é unha norma sagrada, nin a Lei orgánica de caixas de aforros, e coma tódalas normas son susceptibles de revisión ou modificación, pero que si o que se quere é facer un modelo diferente das caixas de aforro de Galicia utilizando a competencia que o Estatuto de Autonomía lle dá ao Parlamento de Galicia para decidir sobre as súas caixas de aforros, se pode levar unha iniciativa ao Congreso dos Deputados para variar a LORCA, que modifique o marco legal xeral, e a partir de aí que o Parlamento de Galicia, dentro deste novo marco xeral, decida en uso das súas competencias que é o que quere facer coas caixas de aforros de Galicia; que o PP se rache as vestiduras porque se interpoña un recurso de inconstitucionalidade, parecelle un pouco frívolo, porque se algo ten feito o Partido Popular nos últimos anos é ter interposto recursos de inconstitucionalidade a todo artigo que pasou por diante da súa porta e non lle gustou, é máis, que se atreveu a presentar un recurso de inconstitucionalidade contra o Estatuto de Autonomía de Cataluña, que non era unha iniciativa do Parlamento de Cataluña, que era unha iniciativa votada polos cidadáns de Cataluña en referendo e que se verá coma acaba, que decidiu recorrer a inconstitucionalidade de dos dereitos aprobados na lexislatura anterior para que parellas do mesmo sexo poidan contraer matrimonio e adoptar fillos, que está a facer o propio coa Lei do aborto, polo que non é que sexa un mecanismo tan raro nin tan alleo ao Partido Popular; que hai algo que lle escama de todo isto, que é o futuro das caixas, porque aquí se formula dende un primeiro momento que a fusión é a panacea, a solución ou o mellor que pode pasar para que as caixas xa, si ou si, sexan galegas, e para que as caixas, si ou si, sexan solventes; que hai unhas declaracións, curiosas, do que foi máximo responsable de Caixa Madrid, Miguel Blesa, que no momento no que se nomea a Rodrigo Rato di publicamente, “eu deixei a Rodrigo Rato todo preparado para a fusión con Caixa Galicia, tan só ten que asinar os papeis”; que Blesa, que non é precisamente un socialista, máis ben é unha persoa nomeada polo Partido Popular; que Camps que tiña a operación montada con Caja Madrid para fusionar as caixas valencianas, que Esperanza Aguirre, que Rajoy sepan todo isto e que non o sepa Feijoo lle estrana, e que de sabelo Feijoo que non se reaccione publicamente, nin que por parte de Feijoo en contra disto nin que por parte do Partido Popular, se é o caso, de que Feijoo decida facer o contrario lle escama tamén, pero que lle gustaría que lle garantan que no caso de que as caixas galegas se fusionasen, o segundo paso non fora que viñese Caja Madrid e comese as dúas caixas fusionadas, xa que daquela quedaríanse sen unha e sen outra, polo que hai que formular neste caso algo de cordura tamén; que polo tanto, si se quere modificar a Lei de caixas de Galicia, perfecto; pero si se quere ir a un novo modelo de caixas, máis perfecto aínda con máis intervención pública, terase que facer segundo á vía legal, respectando, a vontade dos Consellos de Administración de cada unha das caixas xa que se fusionarán se as caixas así o deciden.

Continúa o Sr. Alcalde Presidente a súa intervención dicindo que para rematar, hai un segundo aspecto que lles toca de cheo e que lle preocupa ao Partido Socialista, que é como se articula a representación das institucións nos Consellos de Administración das caixas; que están de acordo en que o Parlamento de Galicia poida incrementar a súa participación, de cara a ir a un maior control, no que insiste que están de acordo, pero que tamén entenden que os Concellos deben ter unha máis ampla participación nesos Concellos de Administración, tal e coma pedía a Federación Galega de Municipios e Provincias, porque en todo caso, que unha das partes fundamentais do ser das caixas é a obra social e que a obra social se articula fundamentalmente polos Concellos e polos gobernos locais, polo que lles gustaría que esa nova Lei permitira unha maior participación e maior ámbito de actuación dos Concellos nas propias caixas e non só do Parlamento de Galicia, que é obviamente o que lle interesa ao Partido

Popular, porque é aquel sitio no que a maioría sociolóxica que se deu neste país nos últimos anos, aparentemente, ten máis fácil ter unha maior representación ou porcentaxe de representación; que por todo isto é basicamente porque creen que non se ataca ao problema de raíz, que é o modelo de caixas, un modelo que debía estar máis participado e controlado polos Poderes Públicos ; que entenden que se está a xogar fóra do marco legal establecido, polo que o Partido Socialista vaise abster.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o que sabe seguro é que con independencia do que se xogue o PP e o PSOE a nivel estatal, ao BNG non lles move nada disto; que un país vivo necesita un sistema financeiro propio, que para o BNG é unha banca pública e que non teñen neste momento capacidade política, nin capacidade no Parlamento Galego para ir nesa liña; que electoralmente non teñen esa capacidade pero si teñen a capacidade de lanzar unha iniciativa como foi a de proposición da Lei de caixas para favorecer un novo marco, e que un país vivo é coma un ser vivo, que necesita un sistema financeiro coma un ser vivo necesita un sistema circulatorio que alimente os seus músculos; que dende este punto de vista para eles este é o elemento fundamental, e o demais todo son divagacións que o que ocultan todo son intereses; que dende o punto de vista do BNG a legalidade das leis non se negocia e que é polo que eles publicamente lle piden ao Partido Popular que non negocie, que non rebaixe a actual lei; que se é o caso, faga matizacións de redacción para facer un encaixe á Lei para facela totalmente legal, constitucional e perfectamente avalada polos xurídicos da Cámara, que non son do Bloque, nin sabe si son do PSOE ou do Partido Popular; que é unha Lei semellante na súa estrutura e na súa conformación a esas outras leis doutras comunidades autónomas, que é para o que se usa o Dereito comparado; que do debate sobre o modelo das caixas, para o BNG era moi importante a intervención pública nas caixas, así coma para o PP a nivel Estado non o era, que era un modelo mais ben privatizador; que incluso dende o PSOE, por destacados socialistas galegos se falaba de despolitizar as caixas cando hai persoas coma Moreda que é Presidente da Deputación, do Partido Socialista e Membro dunha das Vicepresidencias de Caixa Galicia; que as caixas de aforro teñen que ter presenza pública, e que a teñen, neste caso, na medida que marca a Lei; que en este Concello, se non se paralizase por parte do Goberno do Estado, terían que escoller a unha persoa para representar ao Concello na Asemblea de Caixa Galicia, e así se garante a participación do Concello de Fene e dos Concellos máis grandes con dúas ou tres, incluso máis persoas en función dos recursos que teñan; que en canto ao reparto, dende o BNG saben positivamente que o PP e o PSOE tiñan negociado o reparto das caixas a nivel do Estado, que a estas se lles toca e a estoutas non se lles toca; que con Cataluña non se ían meter, que co País Vasco tampouco, entón que queda, queda Caixa Galicia e Caixa Vigo que coma sempre estiveron de costas uns aos outros, a de Vigo a leva o PSOE e a Caixa Galicia a leva o PP, con qué pregunta, con fusións con Caixa Cantabria, Caixa Asturias ou Caixa Madrid; que coma cada un dos partidos ten nomeados xa persoas da súa confianza, ou incluso da súa afiliación; que parece un reparto lóxico para o PP e o PSOE e para o BNG é un despropósito porque é quitarlle o sistema circulatorio ao país é polo que eles están a prol da fusión das caixas, porque se a medio prazo a caixa fusionada a engule unha caixa extraterritorial ou de fóra do País ten que ser con autorización do Parlamento Galego, co cal verase o que o apoia nese momento, sendo responsabilidade de quen o faga, pero se é o caso, é o organismo elixido polo pobo galego o que o está a decidir, e se o PP ten maioría e dicide iso, alá eles, porque o BNG se encherá de dicir que o País se queda sen sistema circulatorio, sen sistema financeiro, sen vida; que o que non vai facer é de prestidixitador diso, polo que dende o BNG non van actuar preventivamente sobre esta cuestión; que con respecto ao recurso de inconstitucionalidade, non lle parece de recibo que se xustifique a presentación do mesmo contra esta Lei dicindo que o PP presenta moitos, xa que todos xogan igual; que a cuestión de fondo é que se está con total intencionalidade paralizando a aplicación da Lei por parte do Goberno de Madrid

coa vontade de chegar a un acordo co PP; que entenden que a política real é a que se está a xogar nese momento; que hai unha Lei aprobada e que se ten que cumprir e por iso presentan neste Pleno o Manifesto dándolle a importancia vital que ten, porque non é unha moción ao uso, nin unha moción ordinaria na que o Concello de Fene apoia tal cousa, senón que esta é unha moción fundamental xa que para o seu entender é o punto no que se poden atopar sen ningún tipo de sistema financeiro propio onde os Poderes Públicos poden ter algún tipo de influencia, e que para os que se senten galegos e que entenden que teñen un Estatuto de Autonomía mellorable, pero que é o que teñen, hai que utilizar con tódalas súas competencias e que esta é unha delas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que a falla de argumentos total do partido socialista vese no discurso do Sr. Alcalde; que o discurso do Sr. Alcalde non se sostén, que carece de argumentos para manter esta postura; que facerse eco de publicacións e cousas que aparecen nos periódicos coma á alusión ao Sr. Blesa que pode dicir o que estime conveniente, como o di o Sr. Alcalde ou el mesmo, pero que de aí a que iso sexa unha realidade tanxible e palpable hai un treito moi grande; que por parte do Bloque, que se faga eco desa fusión con Caja Madrid, opina que o Partido Popular non debería cometer semellante erro, é dicir, que as caixas galegas teñen a súa tradición, a súa historia, teñen máis que nada o seu arraigo na xente e nos usuarios da Comunidade Autónoma e para el si mermaría ao que é o autogoberno da Comunidade Autónoma e supón que esa situación non se vai dar; que o que hai é un texto legal, aprobado pola maioría do Parlamento Galego, un texto legal ao que nun principio, sobre determinadas bases que ían presidir ese texto o partido socialista se sumou, e que agora non se queira sumar, seguindo intereses partidistas ou instrucións de Madrid xa é un problema da corporación socialista, pero que despois non ten nada que ver co que se di, pois se ese risco existe, subscribe o dito polo portavoz do BNG de que será responsabilidade de quen no Parlamento de Galicia faga esa propelia ou esa entrega con independencia de que sexa o Partido Popular o Socialista ou o Bloque, xa que non hai ningunha necesidade de que as caixas galegas sexan fusionadas coas de fóra.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que logo de ver a valoración que hai vai votar a favor; que dende EU ven que os tres grandes sindicatos galegos apoian o manifesto; que o aspecto público das caixas de aforros pensan que se mantén; que a representación social, se non se cambia, tamén se mantén; que en canto á fusión ven que é ideal, que coma se fixo nas caixas andaluzas é positivo; que ao xuntar dúas caixas hai un maior volume de negocio, as sedes permanecen en Galicia e o capital segue a ser galego pero sempre hai que ter en conta que as dúas caixas teñen personalidade propia e que se elas non queren, dificilmente eles o van poder conseguir.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido manifesta que quere introducir uns aspectos que non aparecen no debate e cree que é unha ocasión perdida pois cando se fala dunha crise de sistema e dunha crise económica coma a actual e se fala coma se fose un fenómeno natural, trátase dun asunto feo; di que están ante unha crise de sistema producida inicialmente por unha crise financeira e do poder das finanzas e dos bancos en xeral; que pregunta pregunta, por qué se produce a fusión, e di porque as entidades están en crise, e sobre todo algunha máis que outras, e pregunta se realmente a crise desas entidades obedece a que en Galicia haxa unha mancha, xa que as entidades xa tiñan representación e se Caixa Galicia está en crise, coma Caja La Mancha e outras e moitas outras, non é polo seu carácter senon porque durante anos foi unha peza da especulación urbanística de España, no conxunto do Estado español, e que por iso está en crise e se meteu e xogou non co papel dunha entidade semipública e de carácter social, senón que se meteu e fixo o papel da banca normal e corrente; que para investir e corrixir

esta situación, dende os partidos políticos, para que isto non volva suceder, pégase un salto por riba e dáse un proceso de fusión pero non se modifica substancialmente o carácter disto, que vai volver a ocorrer, xa que se está nun proceso de concentración de carácter bancario coma cando se produxo unha crise sistémica; que ao seu xuízo iso non se está evitando; que si se dá unha situación de crise e se sabe que as caixas foron parte disto, a través unhas direccións irresponsables ás que non se lles pide conta ningunha, vaise producir o mesmo, e en vez de aproveitar a situación para poder modificar eses parámetros, e que realmente os Poderes Públicos controlaran e fixeran desta banca unha banca semipública e de funcionamento cara ese carácter, se perde a oportunidade de facelo, lamentablemente; que por iso fronte a esa seguridade que se formula con esta discusión política de se un ou outro grupo é favorable a fusión ou non, van perder todos.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o FROP o fai o PSOE dende unha postura do máis neoliberal que pode formular; que o BNG presenta proposición á Lei de caixas no Parlamento Galego coma resposta á globalización e de macroentidades financeiras que se está a favorecer dende o FROP, dende o Partido Socialista e dende o Banco de España; que eles dentro da súa liguiña, xa que no resto do sistema financeiro non teñen ningunha capacidade, máis que poñer algunha ordenanza arriba baixo nos Concellos, porque do resto non teñen absolutamente nada, no único que poden actuar é aquí, e que na asemblea, na elección das direccións, etc. a nova Lei actúa, e que actúa dun xeito escrupuloso; que por exemplo, hai idade de xubilación, que ata o de agora non o había, e que o BNG xa o quixo cambiar no anterior mandato, e foi imposible, porque estaban contentos co Sr. Galloso; que as caixas teñen que ter unha función social, de impulso económico con certa orientación de reactivación económica do país, de investimento no País, de apoio aos investimentos industriais que faga o goberno galego que sexa, que facilite servizos financeiros aos galegos distintos dos facilitados polos bancos, que é o que formula na Lei; que o BNG entende que esta é a única saída que ten para defender a o que se explica perfectamente no manifesto; que se pode ir a debates máis profundos, se pode falar de política económica a nivel galego, estatal ou europeo, do papel dos bancos nas crises do capitalismo, pero que aquí se está en algo máis próximo que é unha Lei que está impugnada ante o Tribunal Constitucional e que entenden que é unha ferramenta que se está usando dende o punto de vista política e non dende a legalidade vixente; que é unha Lei que mellora á anterior, mellora o marco xurídico, mellora a representación da parte pública, coma a decisión dos investimentos de obra social de importe superior a cincocentos mil euros e non a dirección; que neste sentido, a Lei é a que pode ser; que no Parlamento de Galicia, o día no que se debateu a Lei de Caixas e no que el estaba por outra cuestión, que era polo de Astano, onde por certo o Alcalde de Fene non estaba, o expresidente Touriño felicitou ao voceiro do BNG, Fernando Blanco, por esta cuestión o que é unha situación esperpéntica; que o di sen ánimo de facer ferida e lles gustaría que o partido socialista se sumase a esta Lei e que a liderase se é posible.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o PSOE estivo de acordo coa galegitude e solvencia das caixas e polo tanto agora, con este recurso está atropelando a solvencia das caixas, porque o PSOE con fondos estatais o que fixo foi inxectar cartos na banca privada e non se garantiu que eses cartos reverteran nos autónomos e nas pequenas e medianas empresas para que se creara emprego, senón que se destinaron a sanear as contas dos bancos privados, e agora esa posibilidade se lle está negando a Caixa Galicia, o que é unha clara discriminación; que cree que xa se pasou o liberalismo pola dereita, por unha sinxela razón, porque a banca privada que estaba nunha situación crítica, esa banca o que ten que facer é caer e o Estado o que ten que facer co Fondo de Garantía de Depósitos é garantir aos depositantes que non se perdan os seus cartos, pero non coller os cartos de tódolos españois e irillo meter á caixa aos accionistas; que



agora isto se paraliza para que Caixa Galicia e Caixa Vigo non poidan acceder aos fondos, e isto é discriminación.

Deseguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que está abrumado cos aires intervencionistas e marxistas do Partido Popular, pero que en todo caso agradéceos e espera que se concreten esas posturas, que se manteñan no tempo e que tomen conciencia o Partido Popular de Galicia e de España da súa formulación ideolóxica en materia económica porque mellor lles iría a todos con suma diferenza; que en todo caso, a postura do Partido Socialista está anunciada e será de abstención porque entende que o problema non se ataca de raíz e de aí que o Partido Popular apoie unha Lei aparentemente intervencionista que se fai non é ter unha representación plural e unha representación do conxunto político do País que interveña no goberno das caixas, senón que o que se fai é unha Lei á medida do Partido Popular para en primeiro lugar xubilar a quen non está de acordo con eles e poder elixir a quen vai tomar decisións, e en segundo lugar o que se fai politicamente é sobrerrepresentar e garantir unha permanencia do Partido Popular que o que fai non é aumentar o control público das caixas ,senón o control do Partido Popular sobre estas, que é substancialmente diferente; que, en todo caso ,a Lei actual de caixas de aforros de Galicia permite perfectamente ir a unha operación de fusión ou acudir as axudas do FROP no caso de que así o fixeran as dúas caixas.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a adhesión e apoio do Concello de Fene ao Manifesto Galiza Ten Dereito, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), (dos Sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Punte, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Sete (7), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Lourido González, Silvar Canosa, García Balado, Rey Sampayo, Rodríguez Carballeira).

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a adhesión e apoio do Concello de Fene ao Manifesto Galiza Ten Dereito anteriormente transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace,  
O Alcalde-Presidente

Iván Puentes Rivera

A secretaria xeral,

Pilar María Pastor Novo